



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino
32001 OURENSE



TECNI SYSTEM BROKER

CORREDURIA DE SEGUROS, S.L.



Comunicado nº 034/16

1 de marzo de 2016

❑ LEI ORGÁNICA 1/1996, DE PROTECCIÓN XURÍDICA AO MENOR.

Trala entrada en vigor da modificación da LO 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica ao menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Enxuciamiento Civil, operada pola Lei 26/2015, de 18 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, **todas as persoas que exerzan ou pretendan exercer profesións, oficios ou actividades que impliquen contacto habitual con menores terán a obriga de acreditar estar en disposición da certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (ARTIGO PRIMEIRO. OITO. «5. Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. Para tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.»).**

Notifícase aos efectos de información, para o coñecemento e cumprimento, e para as entidades afiliadas á Federación Galega de Automobilismo.

❑ SENTENCIA ORD. PROCEDEMENTO ORDINARIO 0000694/2014.

FALLO.

Estímase a demanda interposta pola Federación Galega de Automobilismo contra Escudería Compostela, e en consecuencia, condénase á entidade a abonar a actora a cantidade de 15.710,85 euros, máis o interés legal do diñeiro desde a data de interposición do precedente monitorio ata a data da presente resolución, na que comenzarán a devengarse os intereses do Artigo 576 da Lei de Enxuciamiento Civil, con imposición de costas á parte demandada.

Nesta sentenza cabe recurso de apelación ante a Audiencia Provincial, nos próximos vinte días, previa acreditación da correspondente consignación económica.
